



Xornada

# Consumo e sostibilidade

## Os desafíos do transporte e a industria da moda

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
1 de decembro de 2021



O progreso económico das últimas décadas está a deixar unha pegada de graves consecuencias ambientais que ameaza non só o propio medio natural, senón tamén a viabilidade do sistema de consumo de masas creado no século XX. Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible fixados pola Organización das Nacións Unidas é precisamente garantir modalidades de consumo e produción sostibles, baseadas en novas fórmulas que revertan as tendencias actuais e muden os patróns de consumo. O desafío é, en definitiva, camiñar cara a un modelo en que o avance deixe de ser sinónimo de degradación do medio natural e sexa capaz de estender o benestar con equidade a toda a poboación mundial.

A Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade dedicará unha serie de sesións a este gran reto do s. XXI que é facer compatibles o consumo e a preservación ambiental. A primeira delas terá lugar o 1 de decembro cun programa que porá o foco en dous eixes: o sector do transporte, tanto no que atinxe á mobilidade de proximidade como ao transporte internacional; e a industria téxtil.

O bloque dedicado ao transporte contará con dous relatorios, a cargo de Miguel Pazos Outón, profesor de Xeografía e director do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela, e Antonio Lucio, profesor de Mobilidade e Estratexias Urbanas da Escola de Organización Industrial e exdirector xeral de Promoción e Disciplina Ambiental da Comunidade de Madrid.

O programa continuará coas reflexións dende a industria da moda de Violeta Bouzada, profesora externa do Grao de Xestión Industrial da Moda da Universidade da Coruña e membro do colectivo Fento Moda Sustentable Galega, e Tatiana Suárez, directora de Talento e Cultura de Adolfo Domínguez.

# Programa



9:45 horas  
Inauguración

10:00 horas  
*Repensar a mobilidade nun contexto de crise: prácticas sustentables, novas enerxías ou decrecemento?*  
**Miguel Pazos**, profesor de Xeografía da USC

10:50 horas  
*Mobilidade urbana sostible, veciñanza e territorio*  
**Antonio Lucio**, profesor da EOI sobre mobilidade e estratexias urbanas, ex director da *Fundación Movilidad* do Concello de Madrid

11:40 horas  
Pausa

12:00 horas  
*Os impactos da moda e novas vías para construír un futuro máis responsable*  
**Violeta Bouzada**, profesora externa do Grao de Xestión Industrial da Moda da Universidade da Coruña, promotora de Oui Jane! e membro de Fento Moda Sustentable Galega

12:50 horas  
*Adolfo Domínguez, moda de autor de dobre impacto*  
**Tatiana Suárez**, directora corporativa de Talento e Cultura de Adolfo Domínguez

13:40 horas  
Clausura

**Organiza**

Sección de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade  
Consello da Cultura Galega

**Coordinan**

Iolanda Casal  
María Loureiro

**Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**

